



BASES E CONVOCATORIA

XXXIV EDICIÓN PREMIO “ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ”

1. OBXECTO DO CONCURSO

Os concellos do Carballiño e Boborás, ámbolos dous de Ourense, contando coa colaboración económica da Excm. Deputación Provincial de Ourense, convocan o premio anual “Antón Losada Diéguez”, na súa trixésima cuarta edición, instituído por ámbolos dous concellos, para contribuír ao fomento da cultura galega polo que loitou o ilustre mestre e guieiro Antón Losada Diéguez. Serve tamén este premio para perpetuar a memoria daquel insigne galeguista nado nestas terras.

2. BENEFICIARIOS

A participación estará aberta a todos os autores ou autoras que se axusten aos requisitos expostos nestas bases e especialmente os seguintes:

- A lingua na que se editen as obras será a propia do orixinal, que inescusablemente estará escrito en lingua galega. Non será considerado ningún tipo de obras traducidas de orixinais publicados inicialmente en calquera outra lingua.
- Serán consideradas polo xurado as obras de creación literaria ou de investigación e ensaio, editadas por calquera editorial, particular ou institución que publique libros en galego e que non fosen premiados noutros certames con dotación económica, podendo residir as editoras dentro ou fóra de Galicia. De igual xeito, serán consideradas as reimpresións ou outras edicións posteriores á primeira sempre que sexan dentro do período sinalado nestas bases.
- Quedan excluídos textos de uso escolar, recopilación de artigos, edicións por fascículos, as de luxo ou de tirada restrinxida e as que fosen premiadas noutros certames con dotación económica.
- Teranse en consideración todas aquelas obras que sexan incluídas dentro do eido da creación literaria ou no da investigación e ensaio. Nesta trixésima cuarta edición do Premio “Antón Losada Diéguez” serán válidas as que teñan data de impresión comprendida dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o día 31 de decembro de 2018.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E PREMIOS

- Consistirá o devandito premio na dotación dunha cantidade total de DOCE MIL EUROS (12.000 €) para premiar dúas obras xa publicadas, unha delas no eido da CREACIÓN LITERARIA e a outra no eido da INVESTIGACIÓN E ENSAIO. Cada unha das obras será premiada coa cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000 €).
- Aos premios aplicaráselles as retencións correspondentes segundo a lexislación vixente.

4. OBRIGAS DOS/AS PARTICIPANTES

As persoas físicas ou entidades xurídicas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polas entidades organizadoras do premio cuxa finalidade será a de xestionar dito premio. O/os participantes poderán



exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

- O prazo de presentación das obras será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP e ata o día 31 de xaneiro do 2019.
- A secretaría técnica desta trixésima cuarta edición terá como sede o Concello do Carballiño (Praza maior 1 – 32500 O Carballiño – Ourense, Telf: 988 530007 - 662 198 615 - www.carballino.gal - comunicacion@carballino.gal - oixcultura@carballino.gal), onde todos os editores interesados poden enviar as publicacións que consideren oportunas, dentro das condicións e prazos establecidos polas bases.
- O número de exemplares a presentar por cada obra será igual ao de membros do xurado (nove exemplares). Estas obras, non serán devoltas e pasarán aos fondos das bibliotecas de cada unha das institucións representadas no xurado.
- O Concello do Carballiño, entidade organizadora nesta edición, xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.

6. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E ENTREGA DO PREMIO

- O procedemento de concesión será de concorrencia competitiva.
- A instrución do procedemento corresponderalle aos servizos administrativos da Concellería de Cultura
- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada, solicitará a subsanación naqueles casos que sexa posible, e remitirá ao xurado as obras presentadas para a súa posterior valoración.
- O xurado é soberano tanto na escolma e consideracións das obras participantes coma na designación das dúas obras premiadas. A decisión do xurado será, en todo caso, inapelable. O xurado emitirá a súa decisión no Concello do Carballiño o día 27 de abril de 2019 a partir das 11 horas, explicando os motivos que o levaron a escoller tales obras e posterior emisión da correspondente acta.
- A entrega oficial do premio “Antón Losada Diéguez” na súa trixésima cuarta edición, aos autores ou autoras das obras premiadas (creación literaria e Investigación e ensaio), farase o día 15 de xuño de 2019, e terá lugar no transcurso dun acto literario que se celebrará no PAZO DE MOLDES, do Concello de Boborás, onde naceu e viviu o ilustre Antón Losada Diéguez.

7. XURADO

- O xurado do Premio “Antón Losada Diéguez”, presidido polo alcalde-presidente do Concello do Carballiño, estará composto, ademais, por un representante nomeado por cada unha das institucións culturais seguintes:

REAL ACADEMIA GALEGA



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
MUSEO DO POBO GALEGO
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
ALCALDE DO CONCELLO DE BOBORÁS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UNIVERSIDADE DE VIGO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Actuará como secretario deste xurado, con voz e sen voto, a secretaria do Concello do Carballiño ou persoa en quen delegue. De tal xeito, actuará como membro do xurado, con voz e sen voto, en calidade de portavoz de mesmo, o concelleiro delegado de cultura do Concello do Carballiño.

Os gastos por dietas e desprazamentos dos membros do tribunal serán por conta da administración organizadora, asumíndoos como gastos protocolarios.

8. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

- A decisión do xurado elevarase ao órgano competente para aprobar o gasto. Con carácter previo, o órgano instructor solicitará aos premiados que presenten a seguinte documentación: fotocopia do DNI, certificación de conta bancaria, certificados de estar ao corrente coa facenda estatal, a facenda autonómica así como coa seguridade social. O concello do Carballiño xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente coas obrigas fiscais municipais. O órgano competente pra aprobar o gasto poderá rexeitar aqueles premiados que non cumpran coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- A decisión farase pública polos medios de comunicación de Galicia. O xurado poderá declarar deserto o premio “Antón Losada Diéguez” tanto parcialmente, como na súa totalidade. En ambos eidos, e de concederse, o premio deberá ser outorgado a unha única obra.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez ditada resolución polo órgano competente, procederase ao pagamento vía transferencia bancaria ao número de conta proporcionado polos premiados.

10. RESPONSABILIDADE DE DANOS

O Concello do Carballiño non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, así mesmos ou a terceiros, ocasionen os participantes.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso leva implícita a aceptación destas bases.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e aos



CONCELLO
DO
CARBALLIÑO
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08
32500 O CARBALLIÑO (OURENSE)

premios que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

O Carballiño, a 6 de novembro de 2018

O alcalde

Concello do Carballiño

Praza maior, 1
32500 O Carballiño – Ourense
Telf: 988 530007 - 662 198 615
www.carballino.gal
comunicacion@carballino.gal
oixcultura@carballino.gal